

Instrucción do Servizo de Organización Académica que regula o procedemento de remisión de títulos universitarios oficiais para a súa entrega ás persoas interesadas, a través das Representacións Diplomáticas españolas no exterior, de 28 de abril de 2014.

Recibidas instrucións do Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación no tocante á remisión dos títulos universitarios oficiais a través das Representacións Diplomáticas españolas no exterior, para entrega ás persoas interesadas, indico a continuación o procedemento a seguir **a partir do 1 de maio de 2014**:

1. Remisión do título directamente desde a universidade de orixe á representación diplomática ou consular elixida pola persoa interesada.

Os enderezos postais das distintas representacións españolas no exterior poder ser consultadas na páxina web do Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación:

<http://www.exteriores.gob.es/Portal/es/ServiciosAlCiudadano/Paginas/EmbajadasConsulados.aspx>

2. Entrega do título á persoa interesada, debidamente acreditada a súa identidade, pola Representación Diplomática ou Consular e sinatura pola persoa interesada do xustificante de recepción do título.

3. As Representacións españolas no exterior enviarán ás universidades de orixe, mediante correo electrónico, os xustificantes de recepción dos títulos asinados polos interesados. Para isto é necesario que a universidade comunique a dirección de correo electrónico en cada envío (*nova redacción dada pola Instrucción do MAEC do 28/04/2014*)